

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CEIP VIRXE DA BARCA
5º de Educación Infantil
01/05/2020

ÍNDICE

1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

3.METODOLOGÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE(RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

4.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

1. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.

Área do coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- Recoñecer, identificar e representa-lo corpo na súa globalidade e as súas partes básicas.
- Coordinar e controla-lo seu corpo, as súas posibilidades motrices.
- Recoñece-los sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e acepta-la súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifesta-los propios sentimentos, vivencias, emocións...
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas. Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as súas normas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e acepta-las normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando axeitadamente espazos e materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

Área do coñecemento do contorno.

- Recoñecer os membros e funcións esenciais dos principais grupos sociais aos que pertence.
- Identificar os diversos tipos de relacións que mantén cos demais (familiares, de amizade, de compañeirismo, de veciñanza...)
- Mostrar iniciativa e autonomía para resolver os conflitos que xorden nas relacións cos outros, así como actitudes de axuda, participación, cooperación, apertura e respecto cara aos demais.
- Respetar as normas e pautas básicas de comportamento dos diferentes grupos sociais de que forma parte.
- Diferenciar comportamentos correctos e incorrectos, adecuados e inadecuados segundo diversas circunstancias sociais.
- Establecer relacións entre as características do medio físico e as formas de vida que nel se desenvolven.

- Identificar algunhas das formas en que o home actúa sobre o medio e o modifica.
- Recoñecer os efectos das propias accións no medio responsabilizándose do coidado do mesmo.
- Planificar e ordenar a súa acción no medio en función dos datos que obtén do mesmo a través da observación e a exploración.
- Recoñecer as principais funcións dos obxectos habituais no seu medio familiar e escolar.
- Respectar as normas de uso dos obxectos propios e comúns.
- Identificar os animais, as plantas e persoas como seres vivos e as características principais dos mesmos.
- Recoñecer as características e formas de vida dalgúns animais e plantas próximos aos seus intereses.
- Mostrar habilidades lóxico-matemáticas sinxelas, seleccionando e aplicando as mesmas en función dos requirimentos da situación concreta.
- Identificar sensorialmente as propiedades básicas dos obxectos (forma, cor,tamaño, textura, sabor...), contribuíndo a aumentar progresivamente o coñecemento dos mesmos.)
- Realizar, a través de actividades lúdicas, agrupacións e clasificacións entre os obxectos.

Área das linguaxes: comunicación e representación

- Expresarse e comunicarse oralmente cada vez con maior claridade e corrección.
- Adquirir hábitos e normas: respectar quendas, escoitar atentamente, respectar a opinión dos demais...
- Usar fórmulas de tratamento para saudar, despedirse, presentarse excusarse, solicitar axuda, agradecer...
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua extranxeira (neste caso inglés).
- Interesarse por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situación habituais de comunicación en lingua extranxeira.
- Expresarse en producións orais sinxelas como xogos, cancións, rimas, dramatizacións en lingua extranxeira.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo.
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula e na biblioteca do centro, producidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Iniciarse na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, de

información e de gozo.

- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de lecer.
- Servirse de diferentes representacións: plásticas, musicais, corporais e audiovisuais, para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos, facendo uso de diferentes materiais, técnicas e recursos tecnolóxicos.
- Experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, voz elementos plásticos e sons.
- Manexar o ordenador: prender e apagar, manexar o rato, identificar e usar iconas para acceder aos programas con progresiva autonomía, facer debuxos...

Competencias a desenvolver:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación na educación infantil seguindo a Orde 25 de xuño de 2009 de implantación desenvolvemento e avaliación para o segundo ciclo de educación infantil na nosa comunidade autónoma ten unha serie de características como:

- Ser **global** xa que se refire ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ó contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado.
- Ter un carácter **continuo**, pois é un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal se recolle información de forma continua sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

- Ser **formativa**, reguladora e orientadora do proceso educativo, xa que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.
- Servir para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e as aprendizaxes. Utilizaranse como referente os criterios de avaliación.

Ademais disto, a avaliación levarase a cabo en tres momentos especialmente, estes son:

- **Avaliación inicial:** Dita avaliación farase cando o alumnado se incorpore ó centro e recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista familiar e, se é o caso, informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais de relevancia. Esta avaliación completarase coa obtida no período de adaptación.
- **Avaliación continua:** Realizarase ó longo do ciclo para analizar os progresos e as dificultades do alumnado, co fin de axustar a intervención educativa.
- **Avaliación final:** Ó remate de cada curso o titor/a elaborará o informe anual de avaliación individualizada que recollerá o grao de consecución dos obxectivos e as medidas de reforzo e adaptación, se é o caso.

As principais fontes e instrumentos para avaliar serán:

- Observación directa e sistemática. No terceiro trimestre esta observación farase a través das familias dos nenos/as coas que estaremos en contacto en todo momento para coñecer a evolución dos nenos/as.
- A análise das producións dos nenos/as. No terceiro trimestre as familias a través do correo electrónico nos poderá mandar fotos dos traballos dos seus fillos/as.
- As entrevistas coas familias ou titores legais. No terceiro trimestre a través de chamadas telefónicas e da aplicación Abalarmobil faranse as titorías do alumnado.

A avaliación na educación infantil terá en conta **aspectos** como:

- A organización da aula, o clima escolar, a interacción entre o alumnado e as relacións entre o profesorado e o alumnado.

- A coordinación entre os profesionais.
- A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe.
- A adecuación da proposta pedagóxica.
- A adecuación da proposta metodolóxica.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e, no seu caso ampliación)

- Actividades: xogo do coronavirus, fichas de lectoescritura, fichas de lóxica-matemática, actividades para desenvolver a linguaxe oral, actividades musicais, actividades plásticas, actividades para favorecer a autonomía, actividades para favorecer a psicomotricidade grosa, actividades en inglés, outras actividades lúdicas.
- Metodoloxía: posto que todo o alumnado dispón de conexión a internet, puxémonos en contacto coas familias para comunicarlles a dirección da páxina web do centro: www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedabarca, xa que a través dela colgamos as indicacións para descargar a app Abalarmobil, e tódalas actividades e recursos para o traballo do alumnado neste 3º trimestre. A través da aplicación Abalarmobil nos comunicamos coas familias e facemos un seguimento do traballo e posibles dificultades que xurdan no traballo na casa.
- Materiais e recursos. Enlaces educativos de internet, ordenador e impresora.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- Información ó alumnado e ás súas familias. A través de chamadas telefónicas e a app Abalarmobil.
- Publicidade: a través da páxina web do centro publicamos todas as actividades propostas para que o alumnado faga na casa.